



XELA ARIAS

Guía didáctica

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2021

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Universidade
Secretaría Xeral de Política Lingüística
IES Plurilingüe de Ames, Bertamiráns (A Coruña)

Depósito legal:

C 619-2021

Coordinador

Carlos Negro Romero

Autoría

Concepción Leal Gómez
Renata Otero Ramallal
Xosé Antonio López Silva
María Isabel Cobas Fernández

Profesorado colaborador

Xoán Xil López Rodríguez
Manuel Xiráldez González

Alumnado participante

Alumnado de 2º de bacharelato do IES Plurilingüe de Ames das materias:

- Literatura Galega do Século XX e a Actualidade
- Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica



ABECEDÁRIO ME

ÍNDICE	páxina
1 Presentación	5
2 Notas biográficas sobre Xela Arias	6
3 Pasapalabra Xela Arias	8
4 Vigo, <i>mon amour</i>	9
❑ Somos migrantes	
❑ En Vigo hai un universo	
5 Palabras desde a intemperie	11
❑ Somos un nome	
❑ Somos idioma	
❑ Todas as nais son coma min, pero ningunha son eu	
❑ Somos lugares	
❑ Somos lembranzas	
❑ Poetízome en ti	
❑ Cada ovella coa súa parella	
❑ De Xela a Rosalía	
❑ Retrato no espello	
6 O oficio de traducir	20
❑ A torre de Babel	
❑ Deixa ordenado o cuarto das traducións	
❑ Algo se me perdeu polo camiño	
7 Deseñamos soños, pintamos paredes	22
❑ Fanzineando	
❑ Versos nas paredes do instituto	
8 Como un <i>blues</i> na noite de Vigo	24
❑ Banda sonora	
9 As feridas da historia	25
❑ OTAN non, bases fóra	
❑ Os muros da intolerancia	
❑ Osíxeno contra o chapapote	
❑ Estamos en guerra, hai que reflexionar	
❑ Milleiros de causas comúns	
10 Ficha técnica (bibliografía / equipo didáctico)	30

1 PRESENTACIÓN

A seguinte unidade didáctica leva por título **Abecedáriome**, en homenaxe ao xogo cos pronomes tan característico da poesía de **Xela Arias**; o seu obxectivo fundamental é dar a coñecer a vida e obra da autora dun modo didáctico e interdisciplinario e inserir a súa traxectoria biográfica no contexto social, cultural e político da Galicia de finais do século XX e principios do século XXI. Está enfocada a alumnado da ESO, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

A unidade serve de apoio para os dez carteis da exposición, organizados como un “**dicionario desequilibrado**” sobre Xela Arias, no que cada entrada remite a un aspecto destacado da súa vida e obra ou aos feitos históricos que a condicionaron, desde a etapa da Transición política do franquismo á democracia, pasando pola movida viguesa ata chegar á época de mobilizacións contra a catástrofe do *Prestige* ou a guerra de Iraq.

Non obstante, pretende ir máis alá da información dos carteis e afonda nun coñecemento amplio e diverso, que lle permite ao alumnado a adquisición de contidos sobre lingua e literatura, pero tamén sobre historia, música e deseño plástico ou mesmo sobre a importancia da tradución literaria e do plurilingüismo. Porque, como ben sinala a convocatoria do concurso, “**o percorrido biográfico será só un pretexto para abordar unha realidade complexa e heteroxénea**”.

2 NOTAS BIOGRÁFICAS SOBRE XELA ARIAS

Xela Arias naceu en Sarria o día 4 de marzo de 1962 e finou en Vigo o 2 de novembro de 2003, aos 41 anos de idade. Os seus primeiros anos víxeos na contorna da Granxa Escola de Barreiros, onde o pai era mestre.

Aínda que a maior parte da súa vida transcorre na cidade de Vigo, desenvolve a súa primeira etapa escolar no Colexio de Fingoi de Lugo. En 1976 a familia mûdase á Cidade Olívica e Xela, despois de rematar a primaria no Colexio de Sárdoma, incorpórarse ao Instituto Castelao, situado no barrio do Calvario, onde cursa o bacharelato; porén, ao chegar a COU abandona os estudos.

En 1979, fúndase a Editorial Xerais, oportunidade que ela aproveita para incorporarse, un ano despois, ao seu cadro de persoal, desde o cal desempeña diversos postos de traballo: primeiro de administrativa, logo de correctora de estilo, para rematar con labores de edición e tradución.

A partir de 1982, colabora en diversos xornais (*A Nosa Terra*, *Faro de Vigo*, *Diario 16 de Galicia* etc.), así como en varias revistas (*Festa da Palabra Silenciada*, *Luzes de Galiza*, *Boletín Galego de Literatura* ou en *Viceversa. Revista galega de tradución*, de cuxo consello de redacción formou parte). Así mesmo, tamén participou en recitais poéticos ligados á contestación política e social, como o que tivo lugar en 1982 en contra da entrada do Estado español na OTAN ou o de 2002, en solidariedade coas persoas afectadas polas consecuencias do afundimento do *Prestige*. E nesa liña cómpre situar a pertenza desta poeta a organizacións como Burla Negra ou Greenpeace.





En 1991 retomou os estudos tras matricularse en Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo. Obtivo a licenciatura pola Universidade de Santiago de Compostela, onde iniciou tamén a especialidade de Galego-Portugués. Desde 1999, exerceu a docencia en diversos institutos da xeografía galega.

Respecto da súa obra, o seu debut literario prodúcese en 1986, coa publicación de *Denuncia do equilibrio*, poemario innovador co que foi finalista do Premio Losada Diéguez.

En 1990 publicou, en colaboración co seu home, o fotógrafo ourensán Xulio Gil, *Tigres coma cabalos*, obra de diálogo estético na que se mesturan poemas e fotografías onde o corpo humano toma protagonismo. O libro transmítenos unha mensaxe a prol da sinceridade e da procura dos sentimentos más básicos. En *Darío a diario* (1996), a poeta ofrécenos unha reflexión sobre a súa experiencia maternal, sen idealizacións románticas. O seu derradeiro poemario, *Intempériome*, foi editado por Espiral Maior o mesmo ano do seu falecemento e constitúe a obra máis depurada da escritora.

A súa obra poética tamén se deu a coñecer en libros colectivos como *Palabra de muller* (1992) ou *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once escritoras galegas* (1997).

Xela Arias falece o 1 de novembro de 2003. Preparaba co músico Fernando Abreu o proxecto poético-musical *Vencerse é cousa de se tratar* arredor do seu último libro. O inesperado remate do ciclo vital da escritora commociona o mundo da cultura; organízanse homenaxes e actos na súa lembranza e un ano despois Edicións Xerais de Galicia e a Asociación de Escritores en Lingua Galega editan o volume colectivo *Xela Arias, quedas en nós*, coordinado polo pai da poeta, Valentín Arias.

En 2018 publícase *Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004)* con edición, introdución e notas de María Xesús Nogueira Pereira. A obra recolle a poesía editada da escritora, os catro libros, e reúne a obra dispersa publicada en xornais e revistas.

En marzo de 2021, a Editorial Galaxia publica o libro inédito ***Non te amola!***, obra narrativa onde Xela Arias realiza unha incursión emocional na súa infancia.

3 PASAPALABRA XELA



Canto cres que sabes de Xela Arias? Se o queres comprobar, intenta contestar este rosco e ver a cuntos acertos chegas. Pero se non che veñen á cabeza as respuestas, pasa palabra e repasa a exposición!

CUESTIONARIO

- Comeza por **A**: Título dunha obra do escritor portugués Camilo Castelo Branco pola que Xela Arias foi galardoada cun premio de tradución.
- Comeza por **B**: Nome da granxa escola onde impartiu clase o pai de Xela Arias.
- Comeza por **C**: Nome do barrio de Vigo onde Xela foi ao instituto.
- Comeza por **D**: Nome do único fillo de Xela Arias, a quen lle dedica o seu terceiro libro de poemas.
- Comeza por **E**: Nome da editorial de poesía que publicou o derradeiro libro de Xela Arias.
- Comeza por **F**: Nome da revista feminista galega que publicou varios poemas de Xela Arias.
- Comeza por **G**: Verbo que indica o cambio que fixo Xela co seu nome no Rexistro Civil.
- Comeza por **H**: Especialidade de Filoloxía que Xela Arias comezou a estudar na Universidade de Vigo.
- Comeza por **I**: Nome do país do suroeste de Asia que Os Estados Unidos atacou en 2003 e que provocou unha reacción cidadá contra a invasión baixo o lema de "Non á guerra".
- Comeza por **L**: Nome dun libro inédito de poemas de Xela Arias que nunca chegou a publicar.
- Comeza por **M**: Nome do movemento musical e artístico dos anos oitenta que lle deu sona á cidade de Vigo.
- Comeza por **N**: Nome do movemento cívico que se orixinou en Galicia tras a catástrofe do petroleiro **Prestige** e que apoiou Xela Arias.

- Comeza por **O**: Organización do Tratado do Atlántico Norte contra a que Xela recitou poesía nun acto político desenvolvido en 1982.
- Comeza por **P**: Nome dun movemento contracultural xurdido no Reino Unido nos anos setenta, que se manifestou sobre todo na música e nunha actitude desafiante, tamén reflectida na forma de vestir (roupa gastada, cristas no pelo); este movemento tamén define a actitude vital de Xela Arias.
- Comeza por **Q**: Primeiro apelido da escritora feminista galega autora do libro *Metáfora da metáfora*, a quen Xela lle dedica un poema no ano 1998.
- Comeza por **R**: Nome do concello pontevedrés que decidiu pónlle o nome dunha biblioteca a Xela Arias nun centro de ensino onde foi profesora.
- Comeza por **S**: Nome da plataforma feminista que reivindicou a figura de Xela Arias como muller e escritora e a homenaxeou en Vigo polo Día das Galegas nas Letras.
- Comeza por **T**: Nome en plural do mamífero felino que Xela Arias asocia cos cabalos.
- Contén o **U**: Nome do cantante de rock estadounidense co que Manuel Bragado compara a Xela Arias no seu retrato.
- Comeza por **V**: Apelido do escritor francés co que Xela Arias xantaba no poema "Epístola. Biografía".
- Comeza por **X**: Nome da colección de clásicos xuvenís en galego posta en marcha pola editorial Xerais nos anos oitenta e coordinada por Xela Arias.
- Contén o **Z**: Nome dun tipo de publicacións de carácter alternativo características das décadas dos setenta, oitenta e noventa, con temáticas especializadas e estética contracultural, normalmente editadas mediante fotocopias.

Solucionario (por orde alfabética)

Amor de perdición / Barreiros / Calvario / Darío / Espiral Maior / Festa da palabra silenciada / Galeguizar / Hispánicas / Iraq / Lilí sen pistolas / Movida / Nunca Máis / OTAN / Punk / Queizán / Redondela / Sega / Tigres / Loud Reed / Verlaine / Xabarín / Fanzine

4 VIGO, MON AMOUR

Na entrada **[VIGO / CARTEL 3]** fálase da importancia que esta cidade galega costeira situada nas Rías Baixas, en concreto na ría de Vigo, ten na vida de **Xela Arias**.

Nos anos setenta e oitenta, Vigo era o principal motor económico de Galicia por mor do seu desenvolvimento industrial, especialmente do sector naval. Isto fixo que se convertese tamén na cidade galega más poboada, ao recibir inmigrantes doutras zonas de Galicia, sobre todo do interior. Neste grupo de poboación inmigrante atopábase Xela, que emigrou xunto coa súa familia desde Sarria, na provincia de Lugo.

ACTIVIDADES SOMOS MIGRANTES

- Investiga sobre a vida de Xela Arias e identifica que tipo de migrante foi cando se mudou coa súa familia de Sarria a Vigo. Fíxate no **tempo** (permanente, temporal, estacional ou pendular), no **espazo** (internacional, nacional, autonómica, provincial ou local) e nas **causas** (económicas, sociais, ambientais, políticas) da migración.
- Pescuda sobre a túa propia vida e a da túa familia seguindo os parámetros indicados na anterior actividade. Ti migraches algunha vez? Cantas persoas da túa familia fixeron algún tipo de migración? Comparte as túas experiencias co resto da clase.

A historia de Vigo nos anos oitenta está marcada politicamente pola Guerra Fría no mundo e pola Transición no Estado, e economicamente pola reconversión industrial que se estaba a vivir en Europa xa desde 1975.

Neste contexto desenvolveuse a movida viguesa. Xela participou nela e, aínda que a percibía como algo superficial, a finais dessa década escribiu letras para o grupo Desertores.

ACTIVIDADES EN VIGO HAI UN UNIVERSO

Escoita a canción “**Maniobra Loco Iván**”, de Siniestro Total, nesta ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=mmTU7rzX91s>

- Identifica seis conceptos relacionados coa Guerra Fría e busca información sobre eles.
- Por que crees que a maioría dos artistas da movida musical viguesa empregaba maioritariamente o castelán nas súas cancións?
- En grupos, traducide e realizade a versión da canción en lingua galega e elixide a que vos pareza máis acaída.

Os luns ao sol (2002) é unha película de Fernando León de Aranoa que retrata a reconversión industrial e o seu impacto económico e social na sociedade viguesa e galega.

- ❑ Despois de vela, organizade un debate na aula e intercambiade impresións sobre a situación dos traballadores e das traballadoras, a actitude dos patróns, as políticas industriais e sociais da época, as consecuencias da reconversión industrial e a situación da muller dentro dese contexto.

Le o cómic **A causa do crime**, de Tokio, publicado por Demo Editorial. Mentre o fas, escoita das cancións que se mencionan ao longo da obra; deste xeito poderás envolverte da banda sonora dunha xeración e achegarte á movida viguesa no contexto económico, social e político da época.

- ❑ Ao rematares a lectura e a escoita, identifica catro trazos do contexto social, político e económico da época e catro trazos comúns ás cancións que as sitúen dentro do estilo da movida viguesa.

5 PALABRAS DESDE A INTEMPERIE

Na entrada **[ÁNGELES > ANXOS > XELA / CARTEL 2]** explícase como Xela Arias decidiu conscientemente ter o seu nome oficial en galego e acudiu ao Rexistro Civil para cambialo desde o castelán, que era a única lingua permitida na documentación oficial durante o franquismo.

ACTIVIDADE SOMOS UN NOME

Reflexionamos sobre os nomes de persoas:

Cada un de vós investigará a orixe e significado do seu nome e comprobará se é un antropónimo galego ou non. Se non o é, como sería na nosa lingua? Podes consultar as seguintes ligazóns para te informares:

- ❑ https://gl.wikipedia.org/wiki/Lista_de_nomes_femininos_en_galego
- ❑ https://gl.wikipedia.org/wiki/Lista_de_nomes_masculinos_en_galego
- ❑ <http://degalicia.org/antroponomia/doku.php>
- ❑ <https://www.usc.es/gl/servizos/sn1/dinamizacion/galeguiza2.html>

Xela, o último nome oficial da escritora, é un hipocorístico:

- ❑ Que é un hipocorístico?
- ❑ Ten o teu nome un hipocorístico? Se non o ten, cal crearías?

Creación literaria:

A partir das letras do teu nome, elabora un pequeno poema, tendo en conta as seguintes pautas:

- Crea un acróstico con palabras importantes na túa vida (lugares, persoas, cancións, comidas, afeccións, viaxes etc.).
- Constrúe unha oración que comece por "**Non me chames...** (o teu nome); **chámame...**". Completa a oración con metáforas ou substantivos que definan a túa forma de ser.

ACTIVIDADE SOMOS IDIOMA

Le con atención o seguinte escrito de Valentín Arias, o pai da escritora, e contesta as preguntas:

XELIÑA FALA GALEGO

Por Valentín Arias López

A Xeliña e unha nena pizparrela. Que naceo nunha aldea, a carón da fermosa vila de Sarria. Vai xa pra sete anos. Os pais da Xeliña son galegos. O mesmo que a sua familia toda. E consideraron moi natural falar ca sua nena na lingua galega que iles adoitan a cotío. A Xeliña, pois, depredéo a falar na lingua nai dos galegos. Pesie a que ista determinación dos pais de Xeliña non foi ben vista por moitos. Lembrome moi ben de un dia que estando os pais e a nena nun comerciucho da vila, ó decatarse que a nena falaba galego, moi affixida e compunxida, chea de lástimas pola nena e de noxos polos pais, escramou a tendeira: “¡Oh! ¡Y le hablan gallego! Qué pena que no le hablen castellano ¡Con lo riquiña y fina que es la niña! Si fuese un niño, aún pasaba; pero enseñarle gallego a una niña tan guapa...“ O tempo foi pasando. Deica que a Xeliña tivo catro anos. Entón, seu pai fixolle ver que cada pobo ten a sua lingua. E que compre coñecer moitas lingoas pra se entender con moita xente. En consecuencia, accordaron falar todos castelán perante unhos días pra que a nena adprendera ista lingua; a mais da galega que xa coñecía. No entendemento que mais adiante farano igoal ca francesa. E tamén con algunas outras lingoas.

- En que idioma educa a Xela Arias a súa familia? Por que?
- A partir da explicación que lle dá a Xela Arias o seu pai cando fai catro anos, explica en que consiste o plurilingüismo.
- A partir do comentario que fai a tendeira cando escucha falar en galego a Xela, explica en que consiste a diglosia.
- Escribe un texto argumentativo a partir da seguinte pregunta:

Pode considerarse Galicia unha comunidade plurilingüe se abandona o uso do galego como lingua de comunicación?

Na entrada **[SARRIA / CARTEL 2]** fálase do lugar de orixe da familia de Xela Arias.

ACTIVIDADE SOMOS LUGARES

- Busca nun mapa o lugar de Galicia onde está situada Sarria.
- Unha vez que a localices, pescuda que variante dialectal de galego se fala nesa zona.
- A que bloque lingüístico pertencen as/os falantes de Sarria? Fai un esquema cos trazos dialectais que o definen.
- Por último, investiga a etimoloxía do topónimo de Sarria.

Na entrada **[BARRIO / CARTEL 2]** faise unha pequena evocación da infancia de Xela no barrio vigués do Calvario.

ACTIVIDADE SOMOS LEMBRANZA



En 2021, a editorial Galaxia publica o libro inédito de Xela Arias *Non te amola!* Nel, a autora realiza unha evocación emocional de distintos episodios da súa infancia. Velaquí tes un fragmento onde reflexiona sobre o que quería escribir cando era nena:

Vou escribir as miñas experiencias, que se me acumulan. O que a un lle acontece non empeza e logo acaba. Nada máis acontece.

O que fago eu nun día calquera da miña vida, ¿ten principio e remate? Se principio é abrir os ollos polas mañás e remate pechálos á noite, sí. Pero as experiencias que un vive non é o que queda no medio de espertar e durmir. Ás veces o máis importante que me acontece nun día só dura un pensamento. Ou unha hora. E tamén pode ser **importantísimo** precisamente por me lembrar outra cousa que sucedeu hai moito tempo. É o recordo o que desa vez importa.

Mesmo unha mentira que se me ocorra pode ser o mellor do día.

Así que a min non me importa nada iso do comezo e do remate.

Só escribirei de experiencias verdadeiramente importantes.

Se me acontecen nese momento, porque acontecen.

Se son lembranzas, porque as lembro.

Xela Arias, *Non te amola!*, Galaxia (p. 14)

Agora tócache a ti poñerte a lembrar.

- Escolle unha experiencia real da túa infancia e cóntaa con detalle; indica onde e cando aconteceu, que tivo de importante, quen participou nela, que consecuencias provocou etc. Procura contala con orde e estilo, como se estiveses a escribir un capítulo da novela da túa vida.
- Na túa infancia contaches algunha vez unha mentira moi gorda ou fixeches unha trasnada digna de lembrar? Pona agora por escrito e adórnaa todo o que poidas para faceres a lectura máis atractiva e emocionante.

Na entrada **TIGRES COMA CABALOS / CARTEL 6]** analízase este libro onde os poemas de Xela Arias dialogan coas fotografías de Xulio Gil. Podes escoitar unha adaptación dalgúns versos soltos deste poemario nunha canción do grupo A Banda da Loba, titulada igual ca o libro. Velaquí tes a ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=PtWNud4uYYw>

ACTIVIDADE POETÍZOME EN TI

Le agora a letra do tema “Tigres coma cabalos” e responde as preguntas:

Fugarme en ti,
dun mundo co que vou sempre en guerra.
Metida en ti,
partirías destas caras que te observan
e atentaríaas, contra os corpos do desfile
e marcharíaas coa esperanza no gabán.
Navego en ti,
buscando a marea no deserto.
Afundo en ti,
no alento do meu corpo no teu peito
e berraría aos imperios do incerto
e perdería a ollada no teu mar.

- Que recursos literarios de repetición utiliza Xela Arias? Explícalo e achega exemplos.
- Tenta agora crear o teu propio poema introducindo os seguintes versos onde e como desexes: fugarme en ti / metida en ti / navego en ti / afundo en ti.

Na entrada **[DARÍO A DIARIO / CARTEL 7]** analízase o terceiro libro de Xela Arias, que ten como tema central a maternidade; na literatura galega actual esta segue a ser unha cuestión moi tratada, sobre todo desde un enfoque feminista.

ACTIVIDADE TODAS AS NAIS SON COMA MIN PERO NINGUNHA SON EU



Nos seguintes poemas de *Darío a diario* prodúcese un diálogo da voz lírica materna co seu bebé; le con atención os textos e responde as preguntas:

I

Tódolos bebés son *tu* e ningún coma *ti*.
 Tódolos nenos son *tu* e ningún coma *ti*.
 Tódolos adolescentes son *tu* e ningún coma *ti*.
 Tódolos mozos son *tu* e ningún coma *ti*.
 Tódolos anciáns son *tu* e ningún coma *ti*.
 Tódalas nais son eu e todas, coma *min*, sabes que es único.

II

Nada que ver coa posesión.
 Non te posúo nin quero.
 Cídote, ámote e manteño a esperanza
 de aprenderche a te posuíres.

IV

Busco o modo de te acompañar sen estorbo,
 que sexas ó meu carón feliz e creador
 de *ti*,
 de *ti* e mailo mundo que apañes.

III

E hame custar
 verte optar
 se non é o que propoño.

V

Nin coa mísera desculpa de che *mellora-la vida*
 escoitarás de mí xamais unha mentira.

E debo saber
 así se fan
 persoas humanas.

Se aborrezo tal estilo, a túa nobreza
 –e penosa che ha ser por veces–
 ampárate solidario do humano.

Se *ti* es
 serei eu
 nunca máis feliz.

Guerreiro forte da envexa afasta
 de *ti* os mesquiños de espírito,
 cariño.

- Que sentimientos predominan na relación da nai co seu fillo?
- Que desexa a nai para o seu fillo cando medre?
- Que idea da maternidade propón Xela Arias?


- Consulta na seguinte ligazón a entrevista á escritora **Inma López Silva**, a propósito do ensaio ***Maternosofía*** (2014). Compara a súa visión da maternidade coa de Xela Arias:

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/inma-lopez-silva/20140414083219026300.html>

Na entrada **[INTEMPÉRIOME / CARTEL 7]** fálase do último libro de poesía de Xela Arias, publicado pouco antes do seu falecemento.

No disco *Hasme oír*, de A Banda da Loba, podes escoitar o tema, que combina cinco poemas de Xela.

Velaquí tes a ligazón, a portada e a letra da canción:



A Banda da Loba: "Intempériome"

Vide.

Convídovos ó espectáculo de non ser para ser de todo.

Vide que vos convido a vos ver.

Ven que te reto a te ver a tí desde tí en tí.

Hasme oír, hasme oír:
agora busco que conxugues
ben o verbo dos posibles,
e que ti esquezas esa radio de cousas
previas
amarrada sempre ós pensamentos,
sempre ós pensamentos.

Incéndiate
á calor da observación.
E repasa logo a ollada
no pouso dos afectos.

Hasme oír, hasme oír: deixa
que te percibas a tí,
que te percibas
tamén ti atropelada das palabras,
á procura de trazos que nos
describan.
que nos describan.

Intempestiva,
serse intempestiva.
E domea-la furia,
e domea-la furia,
e domea-la furia á procura
da froita
madura.

Vencerse é cousa
de se tratar.

ACTIVIDADE A FÁBRICA DAS PALABRAS

- Repara na forma verbal que utiliza Xela no título. Pensas que “**intempériome**” é unha forma recollida nos dicionarios ou inventada pola autora?
- Cal é o nome técnico dunha palabra de nova creación? Busca nas redes lemas publicitarios onde se empregue o recurso de crear termos novos para expresar un concepto ou para chamar a atención sobre a propia linguaxe.
- A partir de palabras existentes, crea un neoloxismo que exprese una idea orixinal ou defina unha realidade nova. Dito doutro modo: **fabrica un concepto coas túas propias palabras.**

Na entrada **[FEMINISMO / CARTEL 8]** menciónase a colaboración de Xela Arias no libro colectivo de homenaxe a Rosalía de Castro titulado ***Daquelas que cantan***.

ACTIVIDADE CADA OVELLA COA SÚA PARELLA



Relaciona cada autora das que colaboran no libro *Daquelas que cantan* co título da obra que lle corresponde:

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Luz Pozo Garza | <input type="checkbox"/> Arden |
| <input type="checkbox"/> Yolanda Castaño | <input type="checkbox"/> <i>Tigres como cabalos</i> |
| <input type="checkbox"/> Mª Xosé Queizán | <input type="checkbox"/> <i>M-Talá</i> |
| <input type="checkbox"/> Ana Romaní | <input type="checkbox"/> <i>Códice calixtino</i> |
| <input type="checkbox"/> Pilar Pallarés | <input type="checkbox"/> <i>Estacións ao mar</i> |
| <input type="checkbox"/> Xela Arias | <input type="checkbox"/> <i>A segunda lingua</i> |
| <input type="checkbox"/> Pura Vázquez | <input type="checkbox"/> <i>Tempo fósil</i> |
| <input type="checkbox"/> Xohana Torres | <input type="checkbox"/> <i>Despertar das amantes</i> |
| <input type="checkbox"/> Mª do Carme Kruckenberg | <input type="checkbox"/> <i>Estremas</i> |
| <input type="checkbox"/> Helena Villar Janeiro | <input type="checkbox"/> <i>Desmemoriado río</i> |
| <input type="checkbox"/> Chus Pato | <input type="checkbox"/> <i>Jazz espido</i> |
| <input type="checkbox"/> Xela Arias | <input type="checkbox"/> <i>Nas hedras da clepsidra</i> |

ACTIVIDADE DE XELA A ROSALÍA

Le con atención esta homenaxe de Xela Arias a Rosalía de Castro e logo contesta as preguntas:

I

A de quen comprende non é
palabra feliz.

A de quen transmite é
terminoloxía útil.

Se na vida cotiá o balazo
non rebenta en estourido a estupidez,
pouco importa intelixencia ou
sentimento.

II

Inmaculábante. Eras necesaria.
Inmaculante. Es o principio da
camiñada.

Mira como así rabenan,
rematan esgotado o teu dereito a
rebentar.

Nada novo, inmaculada Rosalía.
Tal sempre mulleres confinadas na
construcción
doutros,
comprendes:
revólveseche a arma contra tí.

A de quen comprende non é
palabra feliz.

- Que actitude vital ten a voz lírica? A que se opón? Que expresa coa idea do balazo?
- Como interpretas os versos “**A de quen comprende non é palabra feliz**”?
- A quen se dirixe a voz lírica na segunda parte?
- Que neoloxismo usa a poeta na segunda parte? Que pretende expresar en relación con Rosalía de Castro o xogo de palabras con ese verbo?

- Que simbolismo ten o poema cando se di de Rosalía: “**es o principio da camiñada?**”
- Na segunda parte tamén se fala das mulleres. Pódese considerar este un poema feminista? Razoa a resposta.

Na entrada **[RETRATO / CARTEL 9]** Manuel Bragado elabora un perfil completo de Xela Arias. O retrato é a descripción dunha persoa na que se expoñen os seus trazos físicos e tamén a súa personalidade (carácter, gustos, fobias, estados de ánimo etc.).

ACTIVIDADES RETRATO NO ESPELLO

Observa con atención as seguintes fotografías de Xela Arias:



- Inventa un breve diálogo teatral entre a Xela nena e a Xela adulta; que lle diría unha á outra? De que falarían? Que soños compartirían? En que se sentirían diferentes? Usa a túa imaxinación para que resulte atractiva esa conversa a través do tempo. Fai unha pequena representación con outra persoa e públicaa na Rede.
- Imaxina agora que ti tes 30 anos. Que lle dirías ao teu eu do futuro?
- A partir da fotografía dun personaxe famoso en calquera campo (política, deporte, música, literatura, cine etc.), prepara a súa descripción física para a expoñeres oralmente na aula. O resto da clase deberá adiviñar de quen se trata e poderá comprobar a fidelidade da descripción. Podes facer a actividade con autores e autoras a quen se lles dedicou o Día das Letras Galegas.
- Aos alumnos e ás alumnas de 2º de bacharelato interésavos o seguinte anuncio, porque en breve ides iniciar os vosos estudos universitarios en

Santiago de Compostela. Elaborade unha pequena descripción da vosa personalidade, intereses, gustos, fobias etc., coa que poderiades responder as posibles preguntas desta moza.

Moza de 18 anos, estudiante de Dereito na USC, busca compañeiro/a para compartir piso en Santiago.

Persoas interesadas, tfno.: 666 333 111.

6 O OFICIO DE TRADUCIR

A entrada **[JOYCE / CARTEL 3]** comeza así: “**Grazas a Xela Arias, os Dublineses de Joyce falan galego**”, e trata do labor de tradución da autora ao longo de toda a súa vida.

ACTIVIDADE A TORRE DE BABEL

Xela fixo tradución desde o francés, o español, o italiano, o portugués (linguas romances) e o inglés.

- Que linguas coñeces ti? Onde as aprendiches? Consideras importante coñecelas?
- E cales che gustaría aprender e por que?
- Por que cres ti que a sociedade actual lle dá tanta importancia ao inglés? Dálle a mesma ao galego? Por que?

Reflexiona e redacta un pequeno texto argumentativo sobre a importancia de que existan traducións de obras universais ao galego e viceversa.

Organizade un debate na aula arredor da seguinte cuestión:

- “**Deben dobrarse/traducirse as películas e series ou é mellor velas en versión orixinal e subtituladas?**”

ACTIVIDADE DEIXA ORDENADO O CUARTO DAS TRADUCIÓNS

Xela Arias, soa ou en equipo, traduciou escritoras e escritores como Miguel de Cervantes, Wenceslao Fernández Flórez, Carlos Oroza ou Gloria Pampillo (español), Camilo Castelo Branco, Jorge Amado e José Viale Moutinho (portugués),

Gianni Rodari (italiano), Feminore Cooper, Roald Dahl, Bram Stoker, James Joyce e Angela Carter (inglés), Charles Baudelaire (francés) etc.

- Establece un mapa coa filiación dos autores e obras dos que Xela Arias elaborou traducións, tanto de prosa, como de verso e cómic.
- Elabora unha liña cronolóxica das autoras e dos autores que traduciu.
- Compara o mapa e a liña cronolóxica e redacta un escrito de conclusóns.

ACTIVIDADE ALGO SE ME PERDEU POLO CAMIÑO

Velaquí un fragmento do inicio de *The Witches* e a tradución correspondente de *As bruxas*, de Roald Dahl (1989, Xerais), a cargo de Xela Arias.

A Note about Witches

In fairy-tales, witches always wear silly black hats and black cloaks, and they ride on broomsticks.

But this is not a fairy-tale. This is about REAL WITCHES.

The most important thing you should know about REAL WITCHES is this. Listen very carefully. Never forget what is coming next.

Un apunte tocante ás bruxas

Nos contos de fadas as bruxas sempre levan uns sombreiros negros ridículos e traxes negros, e montan en vasoiras.

Mais este non é un conto de fadas. Este é tocante ás BRUXAS VERDADEIRAS.

O máis importante que debes saber sobre as BRUXAS VERDADEIRAS é isto. Escucha con moito coidado. Nos esquezas xamais o que vén de seguido.

- Que reflexións che suscita o traballo de Xela Arias como tradutora? Foi importante na súa época?
- Farías ti algunha tradución diferente dalgún aspecto do orixinal?

En moitas ocasións, o labor de tradución literaria está sometido á invisibilidade pública. Le o seguinte texto de **Simón Leys** e comenta se estás de acordo coas súas reflexións acerca da natureza deste oficio:

O paradoxo ao que o tradutor se confronta cando prosegue obstinadamente coa súa angustiosa tarefa reside no feito de que non está entregado a erixir un

monumento que conmemore o seu talento, senón que está, pola contra, esforzándose por borrar todo rastro da súa propia existencia. O tradutor só se detecta cando falla; o seu éxito estriba en pasar inadvertido. A procura da expresión natural e apropiada é a procura do que non parece xa unha tradución. O que se necesita é darlle ao lector a ilusión de que ten acceso directo ao orixinal. O tradutor ideal é un home invisible. A súa estética é a do pano de cristal da xanela. Se o cristal é perfecto, deixas de velo, non ves xa máis que a paisaxe que hai detrás del; só na medida en que teña defectos cobras conciencia do grosor do cristal que se interpón entre a paisaxe e ti.

Simón Leys "La experiencia de la traducción literaria", *Letras Libres* 19/02/2020


7 DESEÑAMOS SOÑOS, PINTAMOS PAREDES

Na entrada **[KATARSIS / CARTEL 4]** menciónase o achegamento de Xela Arias ao formato do *fanzine*, nun momento en que todo Occidente estaba a experimentar con este medio de expresión artística.

O *fanzine* (literalmente “revista para fanáticos”) é unha publicación caseira de tiraxe curta, creada por e para persoas afeccionadas a un tema específico. É un espazo creativo onde se pode contar o que un pensa tal e como quere, sen censura ningunha, e por iso se volveu un medio de expresión habitual no ambiente *punk* e anarquista das contornas urbanas dos oitenta.

Os *fanzineiros* de *Katarsis*, igual que outros daquela etapa, escribían ou con máquina de escribir ou maquetaban e ilustraban á man, mediante a técnica da colaxe; logo imprimían con fotocopias en branco e negro.

Aquí tes algúns exemplos gráficos de *fanzines* vigueses dos oitenta:



ACTIVIDADE *FANZINEANDO*

Chegou o momento de elaborares o teu propio *fanzine*, inspirándote no seguinte poema de Xela Arias:

Non me gustaban de nena os peluches
e lembran meus pais que non xoguei moito ás bonecas.
Non me deteño a cociñar e na química das quimeras
rocei un xeito de delincuencia xuvenil.
Un xénero feminino algo a desmán das narracións para o ano en que nacín.
E vés
ti
agora,
primeiro imaxinado e xa querido,
logo presente nestes cuartos a diario:
hai posible en ser muller un privilexio imposible de transferir.

Despois de leres e comprenderes o texto, deixa voar a imaxinación e escolle o tratamento artístico que lle vas dar ao texto:

- Valo escribir á man ou no ordenador?
- Vas usar a técnica da colaxe?
- Vas traballar só con imaxes que fagan alusión ao contido ou buscar un contraste con outras diferentes?

Lembra que o *fanzine* só busca gustarlle ao seu creador ou creadora e a outra xente fanática dun tema. Como moito, aspira a espertar a curiosidade polos seus gustos e o seu punto de vista. É unha manifestación cultural subxectiva e subversiva.

- Escolle o número de páxinas co que queres traballar. Recomendámosche que partas dun folio **DIN-A4** ou dun **DIN-A3** e que probes con posibles pregrados. Aquí vos ofrecemos varias ideas:



- Cando teñas claro o enfoque do *fanzine*, distribúe a información que vas poñer en cada páxina.
- Compila, escribe, debuxa todo o que queiras engadir en cada unha das páxinas.
- Recorta e pega todo o material páxina por páxina, tendo en conta o pregado e grampado definitivo (se o considerares necesario).
- Fai fotocopias das páxinas e grámpaas ou dóbraas tal e como queres que queden; reparte exemplares no teu grupo de clase ou entre as túas amizades e, se che parece oportuno, dóalle un á biblioteca do teu instituto e outro a quen che dea clase de galego este curso. Se é posible, publica o traballo nas redes sociais.

ACTIVIDADE VERSOS NAS PAREDES DO INSTITUTO

Na entrada **[ZOOM / CARTEL 10]** tes unha pequena escolma de versos de Xela Arias. Coa axuda do profesorado de Educación Plástica, converte en *graffiti* un ou varios versos de Xela. Unha vez que teñades o deseño feito, poñédevos man á obra e decorade unha parede do voso instituto, a poder ser unha desas feas e cheas de humidade nas que ningúén se fixa. Porque os versos tamén son para lles dar vida ás paredes, como fixo o alumnado do **IES de Chapela** en homenaxe a Xela Arias, que foi docente no seu centro.



8 COMO UN *BLUES* NA NOITE DE VIGO

Na entrada **[MÚSICA / CARTEL 6]** podes ler que Xela Arias escribiu unha serie de letras de canción para a banda viguesa **Desertores**, que no ano 1991 edita un disco co mesmo nome. Podes escutar o traballo na seguinte ligazón e facer despois unha versión en galego do tema que máis che guste:

https://www.youtube.com/watch?v=94wEYRBc0A4&ab_channel=kunkeiro69

ACTIVIDADE BANDA SONORA

A pegada do *blues* está especialmente presente no último dos temas, "El Desertor", que lle dá título ao álbum.

- De onde provén o estilo musical do *blues*?
- Cantos compases ten cada unha das estrofas deste estilo musical?
- Á parte da voz, batería, baixo e guitarra, cal é o instrumento que introducen aquí e que presenta unha sonoridade moi característica do *blues*?
- En 1986, **Os Resentidos**, o grupo liderado por Antón Reixa, conseguiu un enorme éxito coa canción "**Galicia caníbal (Fai un sol de carallo)**". Demostrou que se podía facer música pop en galego e chegar a todos os públicos. Podes investigar sobre este tema na seguinte ligazón:

[Fai un sol de carallo \(Galicia caníbal\)](#)

Logo de verdes o documental, elaborade unha *playlist* cos melhores temas de Os Resentidos e cos vosos temas preferidos da música galega más actual. Velaquí tes unha axuda:

[30 propostas de música galega actual](#)

9 AS FERIDAS DA HISTORIA

Na entrada **[COMPROMISO / CARTEL 8]** menciónanse expresamente catro acontecementos históricos que expresan o activismo político de Xela Arias, non só como poeta, senón tamén como cidadá: a entrada de España na OTAN, o conflito israelí-palestino (Intifada), a catástrofe ecolólica do *Prestige* e a guerra de Iraq.

OTAN

Xela Arias participou nun recital poético que se desenvolveu no Pavillón de Deportes das Travesas, en Vigo, para amosar a súa oposición á entrada de España na OTAN.

ACTIVIDADES OTAN NON, BASES FÓRA

- Por que se opoñía Xela Arias á entrada de España na OTAN? Investiga a través de fontes dixitais en Internet sobre a orixe da OTAN, a súa relación coa Guerra Fría e os motivos polos que parte da poboación do Estado se opoñía á entrada nela.

- Investiga sobre a OTAN utilizando a metodoloxía de historia oral; entrevista unha ou varias persoas da túa familia sobre as lembranzas que gardan da entrada de España na OTAN e sobre a evolución da súa percepción da OTAN ao longo do tempo, tendo en conta tres etapas: a entrada de España na organización en 1982, o referendo de 1986 sobre a súa permanencia nela e a actualidade.
- Compara a información que obtiveches no teu contorno familiar coa recollida por outros compañeiros e compañeiras da clase.

Investiga sobre a OTAN na actualidade e debate cos teus compañeiros e compañeiras da clase:

- Cales son as liñas de acción principais da OTAN na actualidade?
- Que papel xoga España no marco da OTAN?
- Coñecendo o compromiso político e social de Xela Arias, crees que estaría de acordo con esas liñas de acción e a implicación de España na OTAN?

Intifada

A Intifada (que se pode traducir ao galego como “tremor”) é a rebelión dos palestinos contra Israel nos territorios ocupados de Gaza e Cisxordania, no que consideran unha lexítima defensa contra a opresión que están a sufrir. Esta rebelión tivo e ten apoios por todo o mundo con diversos movementos para poder dar a coñecer a súa situación. Diferentes poetas de Galicia, entre os que se atopaba Xela Arias, decidiron darlle tamén voz a esta nación que estaba inmersa na primeira Intifada mediante a publicación en 1989 de *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina*.

ACTIVIDADES OS MUROS DA INTOLERANCIA

Sigue aprendendo sobre a Intifada e o conflito israelí-palestino coas seguintes actividades:

Le a banda deseñada **Palestina**, de Joe Sacco, publicada por Rinoceronte Editora S. L. en 2013, e comenta cos compañeiros e as compañeiras da clase:

- Cambiou dalgún xeito a túa percepción do conflito israelí-palestino esta lectura? Por que?
- Este cómic clasíficase como xornalismo gráfico. Paréceche axeitada esa categorización? Paréceche interesante esta forma de xornalismo? Por que?

Tendo en conta a información anterior, le este fragmento do poema "Intifada" de Xela Arias e interpreta o seu significado:

Recíbe-las pedras como herdo magnífico,
embotélla-lo animal que os fusís xa levan dentro:
míranos occidentais apodrecidos nos nosos solos
de préstamos bancarios enfía as túas pedras e
avergónzanos mentres habilitas da túa infancia
unha adolescencia rodeada de mortos más vivos
cás nosas historias de ondulantes corredores demócratas.

Marea Negra, Nunca Máis

O desastre do **Prestige** foi unha vertedura de petróleo nas costas de Galicia provocada polo afundimento do petroleiro *Prestige* en novembro do 2002.

Poucos días despois do afundimento do petroleiro creouse a plataforma **Nunca Máis** de resposta cidadá ao desastre ecolóxico e á xestión levada a cabo polos diferentes gobernos responsables naquela época.

Ese movemento espallouse con gran rapidez máis alá das fronteiras españolas e chegou a outros países europeos. Xela non foi menos. Participou nunha **Intervención poética contra a marea negra** na Lonxa Literaria de Moaña, apoiando a causa da cidadanía galega e criticando os causantes do afundimento.

ACTIVIDADES OSÍXENO CONTRA O CHAPAPOTE

- Le o poema "Dignidade" de Xela Arias, investiga sobre o desastre do *Prestige* e explica os versos en grosa.

Marea miseria invade global Galicia
Colleita inepta de **intereses financeiros**.

Burla negra.

Oes o **son mediático** das novas nas casas,
a **química diplomática na fiesta da praia**.

Nunca más.

"Mar de fondo, capitán".
A velocidade do vento non é nada
se **deciden as pantamas**.

Never more, never more.

No lombo
a miseria do **hábito domeado**.
As **maquinarias de acougo** anotan
as **lindezas dos conformes**.
Burla negra. Nunca máis.

Intempériate, fogar dos rumorosos.
Pon prezo en castigo
á patética esperanza.
Nunca máis.
Velaí te-la estúpida batalla.

- ❑ Le a banda deseñada **A conta atrás** de Carlos Portela e Sergi San Julián, publicada por Factoría K de libros, sobre o desastre do *Prestige*. Logo de rematares a lectura, debate cos compañeiros e compañeiras.
 - ❑ Cres que o cómic axuda a comprender o sucedido no desastre do *Prestige*?
 - ❑ Pode definirse esta obra como xornalismo gráfico? Por que?
 - ❑ A obra adopta un sentido cronolóxico inverso. Como cres que inflúe esa estrutura no interese da historia e a súa comprensión?
 - ❑ A segunda parte da obra áinda non se publicou. Gustaríache que se publicase? Por que?
- ❑ Investiga en familia utilizando a metodoloxía da historia oral para reconstruíres o desastre do *Prestige*, como sucedeu e como foi percibido pola sociedade. Entrevista unha ou varias persoas da túa familia sobre as súas vivencias directas en relación coa catástrofe e a súa opinión sobre o sucedido.
- ❑ Investiga a través da prensa sobre o impacto ambiental e social do desastre do *Prestige* na actualidade.

A guerra de Iraq

A guerra de Iraq foi un conflito bélico que se desenvolveu entre 2003 e 2011 e que áinda ten consecuencias na actualidade.

ACTIVIDADES ESTAMOS EN GUERRA, HAI QUE REFLEXIONAR

A película ***Shock and awe***, de Rob Reiner (2018), narra como os xornalistas de *Knight Ridder* foron as únicas persoas nos Estados Unidos que investigaron as xustificacións da guerra de Iraq e publicaron a súa falsidade no canto de aterse á versión oficial. Despois de a veres, debate cos compañeiros e compañeiras:

- Cal foi a xustificación oficial dada polo goberno dos Estados Unidos para invadir Iraq?
- Cal é o nome dos xornalistas que cuestionaron esa versión oficial?
- En que se baseaban para cuestionala?
- Por que crex que ningún xornal quería publicar a súa noticia?
- Cal é a túa opinión ao respecto?
- Investiga a través da prensa sobre a situación actual de Iraq e as consecuencias da guerra na actualidade.

A ameaza de guerra a Iraq provocou unha forte reacción social en todo o mundo, con millóns de persoas que se manifestaron en contra desa guerra e a favor da paz. En España e en Galicia producíronse manifestacións multitudinarias baixo o lema "Non á guerra".

Xela Arias participou na lectura da declaración **Pola paz mundial** ao termo da manifestación contra a guerra de Iraq, organizada pola Coordinadora pola Paz e no recital **Poetas contra o xenocidio**, organizado pola Coordinadora pola Paz, tras a invasión de Iraq.

ACTIVIDADES MILLEIROS DE CAUSAS COMÚNS

- Investiga en familia utilizando a metodoloxía da historia oral. Pregúntalle á túa familia como viviu a ameaza de guerra e a posterior invasión de Iraq.
- Le estes versos do poema "Soldados", de Xela Arias, e reflexiona sobre o que transmite. Cal é a túa opinión ao respecto?

Non vou ser soldado.

Poño a man

e cáenme milleiros de causas comúns polos dedos estirados.

10 FICHA TÉCNICA

BIBLIOGRAFÍA PRIMARIA

As fontes de consulta principais para elaborar os textos da exposición **Abecedáriome** sobre Xela Arias proceden de:

- Arias, Valentín (ed.) (2004). *Xela Arias, quedas en nós*. Vigo: Xerais
- Nogueira Pereira, María Xesús (edición, introdución e notas) (2018). *Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004)*. Vigo: Xerais
- [Biografía de Xela Arias na Historia da literatura da AS-PG](#)
- [A Sega. Plataforma de crítica literaria](#)
- [Xela Arias. Álbum de mulleres](#)
- <https://blog.xerais.gal/xela-arias-letras-galegas-2021/>
- [Real Academia Galega. Especial Letras 2021](#)
- [Letras Galegas. O Portal da Lingua Galega](#)

As citas textuais da exposición e da guía proceden de textos tirados destas fontes, ben de conferencias e entrevistas nas que fala Xela Arias, ben de especialistas na súa vida e obra, ou de persoas que, en diversos artigos e recensións, trazan unha caracterización da autora nos diferentes ámbitos da súa traxectoria vital e literaria.


As fotografías de Xela Arias usadas nos carteis da exposición e nesta unidade didáctica foron cedidas para uso educativo e proceden das seguintes fontes:

- Arquivo familiar.
- Arquivo de Xulio Gil.
- Fotografía de Xela Arias adolescente. Procede do expediente académico da autora no IES Castelao e foi cedida por Ramón Nicolás.
- Fotografía de Xela nas oficinas de Xerais. Cedida pola editorial.
- Fotografía na Casa-Museo de Rosalía de Castro. Autora: María Esteirán. Propiedade: Fundación Rosalía de Castro.

EQUIPO QUE PARTICIPOU NESTE PROXECTO EDUCATIVO

Esta unidade didáctica foi elaborada por un equipo interdisciplinario de docentes do IES Plurilingüe de Ames (A Coruña), así como por dous grupos de alumnado de 2º de bacharelato, baixo a coordinación do profesor Carlos Negro Romero. A relación de colaboradores/as no proxecto é a seguinte:

- Departamento de Lingua Galega e Literatura
- Departamento de Educación Plástica
- Departamento de Linguas Clásicas
- Departamento de Ciencias Sociais
- Departamento de Educación Musical
- Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
- Equipo da Biblioteca Escolar
- Alumnado de 2º de bacharelato da materia Literatura Galega do Século XX e a Actualidade
- Alumnado de 2º de bacharelato da materia de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica



XELA ARIAS

IES de Ames



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21·22